

PROGRAMACIÓN DE LATÍN

Curso 2010/2011

Departamento de Latín

I.E.S. MANUEL GARCÍA BARROS - A ESTRADA

INDICE

DEPARTAMENTO DE LATÍN	1
COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE LATÍN	4
OBXECTIVOS XERAIS	5
TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS	6
AULA VIRTUAL	7
PROGRAMACIÓN DE 1º DE BACHARELATO	9
OBXECTIVOS (comúns a 1º e 2º)	9
DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS	10
Primeira avaliación	10
Segunda avaliación	10
Terceira avaliación	10
METODOLOXÍA E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	11
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	12
ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN	14
REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN	14
CRITERIOS DE PROMOCIÓN	14
TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA	15
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	15
PROGRAMACIÓN DE 2º DE BACHARELATO	16
OBXECTIVOS	16
DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS	17
Primeira avaliación	17
Segunda avaliación	17
Terceira avaliación	17
METODOLOXÍA E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	18
CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS.	19
ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN	21

Tratamento dos temas transversais	3
REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN	21
CRITERIOS DE PROMOCIÓN	21
TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA	21
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	21
BIBLIOGRAFÍA	23
BÁSICA	23
COMPLEMENTARIA	23
MATERIAL ESPECÍFICO	24
APÉNDICE.- LATÍN - CONTIDOS MÍNIMOS	25
CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS. LATÍN 1º DE BACHARELATO	25
CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS. LATÍN 2º DE BACHARELATO	26

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE LATÍN

XEFE DE DEPARTAMENTO

Álvaro José Pérez Vilariño

Niveis que imparte

- ◆ ***Latín I no grupo de 1º Bacharelato C***
- ◆ ***Latín II nos grupos de 2º Bacharelato B-C***

OBXECTIVOS XERAIS

Conseguir no alumno unha visión interdisciplinar e global da educación como formación e non como simple aprendizaxe de datos clasificados segundo materias distintas. Unha lingua clásica préstase a isto pola gran cantidade de referencias históricas, filosóficas, culturais, xeográficas o incluso científicas que pode proporcionar.

É posible dividir este obxectivo xeral noutros varios:

- ◆ Afianzamento definitivo dos coñecementos lingüísticos dos alumnos mediante a aprendizaxe e afondamento nos contidos gramaticais da lingua latina e o establecemento das relacións que existen entre dita lingua e as actuais, máis concretamente o galego e o castelán.
- ◆ Lograr que no alumno apareza o hábito de entroncar as ensinanzas lingüísticas cos elementos culturais que se lle van explicando e a translación dos mesmos, na medida da súa pertinencia ó seu entorno concreto.
- ◆ Coñecemento da Historia, Cultura e Institucións da Antigüidade Latina e comprobación da súa vixencia, en moitos casos, no mundo actual.
- ◆ Achegamento á mentalidade colectiva, á relixión e á filosofía do mundo clásico co fin de poder observa-la súa transmisión a través dos séculos.

TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

Os contidos englobados baixo a denominación de “Temas Transversais” trátanse, en maior ou menor medida, ó longo de todo o curso e en todos os niveis. Por outro lado, determinados temas transversais aparecen reflectidos de maneira específica en certos bloques de contidos:

- ◆ **Educación moral e cívica.** O estudo da organización social, política e relixiosa de Roma permite abordar o tema dende un punto de vista crítico (loitas sociais, liberdade de culto, dereitos e deberes do cidadán, participación na vida política e relixiosa...)
- ◆ **Educación para a paz.** A análise crítica do espírito militarista e imperialista que caracterizou ó pobo romano, debe constituír o punto de partida para desenvolver no alumnado unha actitude tolerante e non violenta.
- ◆ **Educación para a igualdade.** A análise crítica das estruturas sociais e familiares do pobo romano propiciará o desenvolvemento dunha actitude de respecto cara calquera individuo, independentemente do seu sexo, raza, ideoloxía ou crenza.
- ◆ **Educación para a saúde.** Intentarase inculcar no alumnado o concepto integral da saúde como benestar físico e mental, a través dos costumes hixiénicos e alimenticios dos romanos.
- ◆ **Educación para Europa.** Procurarase desenvolver no alumnado a conciencia de identidade europea a partir do coñecemento da herdanza lingüística, histórica e cultural legada por Roma ó mundo occidental.

AULA VIRTUAL

Durante o curso 2010/11 farei uso das novas posibilidades que nos ofrece o novo contexto da chamada internet 2.0., que son:



- ◆ Os cursos virtuais das asignaturas que imparto, na plataforma [moodle](#).
- ◆ A publicación nos blogs ([Dives Gallaecia](#), [Viam Stratam](#))
- ◆ A wiki de edición colectiva para os materiais das probas de Selectividade [PaulatimGallaecia](#).

O [moodle](#) é un software de uso libre que permite a creación dun espazo de aulas virtuais onde poder desenvolver cursos en liña. Consideramos a [moodle](#) unha ferramenta 2.0, xa que outorga un papel activo ao alumno, que non só le, senón que tamén participa, crea, edita, adapta mesmo o seu espazo ás súas necesidades individuais.

Estas son as principais razóns da súa valía:

- ◆ Permite ao alumnos un acceso fácil, organizado e rápido á información
- ◆ coa descarga e lectura de documentos, hipervínculos a outras web, novidades dos blogs, etc.
- ◆ Fomenta a participación dos alumnos
 - ◆ dotándoos dun espazo virtual propio no [moodle](#)
 - ◆ creando exercicios interactivos ([Hot Potatoes](#))
 - ◆ escoitando a súa voz nos blogs ([Dives Gallaecia](#), [Viam Stratam](#))

Acceso aos cursos

1. Entrar na web
<http://centros.edu.xunta.es/iesmanuelgarciabarros/moodle/>
2. Entrar na categoría do Departamento de Latín
3. Usar a entrada de convidado
4. Os Cursos son os seguintes:
 - ◆  CURSO DE LATIN II 2010/11
 - ◆  CURSO DE LATÍN I 2010/11

Para todos os cursos sigo un esquema común:

Recursos xerais:

- ◆ Hipervínculo ao blog [Dives Gallaecia](#)
- ◆ Hipervínculo ao blog [Viam Stratam](#)
- ◆ Hipervínculo á wiki [PaulatimGallaecia](#)

Calendario, eventos comúns a todo o centro en verde e exclusivos do curso en laranxa. Os alumnos poden consultar datas de exames, de entrega de traballos, actividades, vacacións, etc.

Tres módulos, 1 por cada avaliación. Cada un dividido en:

- ◆ Táboa de contidos: listaxe resumido de contidos con hipervínculos a documentos *.pdf
- ◆ Recursos *.pdf: documentos *.pdf para descargar ou ler
- ◆ Recursos web: ligazóns a outras webs
- ◆ Presentacións: de temas vistos en clase.
- ◆ Video et audio: vídeos e arquivos de audio
- ◆ Actividades: propias do [Moodle](#) (Glosarios, wikis, tarefas) ou feitas con [Hot Potatoes](#).
- ◆ Selectividade (Latín II): recursos *.pdf e recursos web específicos para as PAAU.

PROGRAMACIÓN DE 1º DE BACHARELATO

Neste curso 2010/2011 plantéxasenos un problema cos alumnos que non cursaron latín en 4º de ESO (case a metade da clase de 1º de bacharelato). Procuraremos, na medida do posible, ilos integrando pouco. Comezaremos por un repaso dos contidos gramaticais vistos en 4º e recoméndaremos que comecen a ler eles mesmos as primeiras leccións do método de LLPSI, axudándolles en clase a poñerse ao día co resto dos compañeiros. Intentaremos aprender estratexias durante este curso para paliar esta previsible situación no futuro.

OBXECTIVOS (comúns a 1º e 2º)

- I. Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
- II. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
- III. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
- IV. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
- V. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
- VI. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
- VII. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS

Primeira avaliación

Gramática:

- ◆ Repaso dos seguintes contidos gramaticais vistos en 4º ESO:
 - ◆ O alfabeto latino. Orixe e evolución. A pronunciación. Clasificación do sistema consoántico e vocálico.
 - ◆ Indoeuropeos e pobos mediterráneos. Diversidade lingüística. Linguas indoeuropeas.
 - ◆ Orixe e evolución do Latín. Etapas. Latín culto e latín vulgar. Fragmentación do latín. Formación e evolución das linguas romances
 - ◆ O latín lingua flexiva. Linguas sintéticas e analíticas. Categorias gramaticais. Flexión nominal, pronominal e verbal. Orde de palabras e concordancia
 - ◆ Do latín ao galego e castelán: termos patrimoniais, semicultismos, cultismos e latinismos.
- ◆ Evolución fonética do latín ao galego e castelán
- ◆ Resumo contidos gramaticais FAMILIA ROMANA XVI-XX

Civilización

- ◆ Latium. Monarquía latino-sabina
- ◆ Monarquía etrusca. A herdanza etrusca
- ◆ Organización social e política durante a monarquía
- ◆ A familia. A educación. Situación da muller e escravitude
- ◆ Ritos funerarios e actitude ante a morte

Segunda avaliación

Gramática:

- ◆ Resumo contidos gramaticais FAMILIA ROMANA XXI-XV

Civilización

- ◆ Urbanismo: a cidade de Roma
- ◆ Os primeiros tempos da República
- ◆ A sociedade da República
- ◆ Organización política na República
- ◆ Vida cotiá. Alimentación, vestido
- ◆ Pompeia

Terceira avaliación

Gramática

- ◆ Contidos gramaticais FAMILIA ROMANA XVI-XXX

Civilización

- ◆ O exército
- ◆ A conquista de Italia e o mediterráneo
- ◆ O ocio en roma: as termas, o teatro e os espectáculos públicos
- ◆ A relixión romana. Os sacerdotes e festas relixiosas
- ◆ A romanización de Hispania. Cidades da Hispania romana

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- ◆ Comparación das estruturas morfosintácticas máis representativas da lingua latina coas do galego e castelán para que o alumno poda percibir a súa conexión e dependencia.
- ◆ Tradución dos textos latinos do método LINGUA LATINA PER SE ILLUSTRATA, unidades XVI-XXX, sobre os que versarán as explicacións gramaticais pertinentes.
- ◆ Realización dos exercicios que propón o método e outros que o profesor seleccione da bibliografía complementaria.
- ◆ Realización de exercicios na Aula Virtual.
- ◆ Proxección de vídeos e películas correspondentes ós temas culturais (exército, institucións...)
- ◆ Tradución dalgúns poemas musicados en latín (*Carmina Burana, Catulo, Réquiem de Mozart, etc.*), acompañada de audición dos mesmos.
- ◆ Publicación nos blogs de entradas relacionadas cos contidos, ben de xeito individual, ben formando grupos.
- ◆ Elaboración de glosarios na Aula virtual.
- ◆ Resolución das tarefas individuais da Aula virtual sobre textos acompañados de preguntas que demostren a comprensión dos mesmos.
- ◆ Realización de cuestionarios na Aula virtual.
- ◆ Lecturas breves de documentos relacionados cos contidos, que permitan cualificar a capacidade de síntese e comprensión do alumno.
- ◆ Lectura dunha novela histórica ambientada na Roma Antiga.
- ◆ Colaboración na edición de termos da [Galipedia](#).
- ◆ No mes de marzo está prevista unha excursión ó festival de teatro greco-latino Lugo 2011, organizado pola [Delegación Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos](#).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na avaliación terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen o corrixan durante as clases.

- ◆ O progresivo melloramento nos aspectos lingüísticos da materia implica que aproba-la segunda avaliación significa recupera-la primeira se a tivese suspensa e o mesmo na terceira en relación coa segunda.
- ◆ Os coñecementos sobre cultura e civilización latina deberán superarse por separado en cada unha das tres avaliacións.
- ◆ Na primeira avaliación haberá varias probas: unhas de civilización latina realizadas dende a Aula Virtual (25%), outra da evolución fonética do latín (25%) e dúas traducións (25% cada unha).
- ◆ Na segunda avaliación haberá dúas probas de tradución (25% cada unha), outras de civilización latina na Aula Virtual (25%) e outra monográfica sobre o urbanismo en Roma (25%).
- ◆ Na terceira avaliación haberá dúas probas de tradución (25% cada unha), outras de civilización latina na Aula Virtual (25%) e outra da gramática latina vista durante o curso (25%).
- ◆ As probas realizadas na Aula Virtual serán ou ben cuestionarios (escolla múltiple, verdadeiro e falso, encrucillados, etc.) ou ben tarefas de envío de traballos, glosarios de edición colectiva e tarefas de texto en liña.
- ◆ Nas avaliacións terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases, a publicación nos blogs, a entrega dos traballos esixidos.
- ◆ A nota final calcularase tendo en conta a media das tres avaliacións.

O alumno deberá ser capaz de:

- ◆ Comprender e ser capaz de traducir textos latinos breves e sinxelos, orixinais, adaptados ou elaborados, coa maior fidelidade posible. Con este criterio preténdese comprobar, a través de exercicios de comprensión e posterior tradución literal dun texto, a competencia lingüística en latín e a capacidade de recoñecer as diversas estruturas dunha lingua flexiva. Os textos serán breves, orixinais ou elaborados e de dificultade mínima. Poderán contribuír á valoración da consecución de obxectivos os exercicios doados de tradución inversa ou de elaboración en latín de pequenas mensaxes orais e escritas.
- ◆ Recoñecer en textos latinos sinxelos os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán. Este criterio pretende comprobar se o alumnado adquiriu as nocións de morfoloxía e de sintaxe que lle permitan recoñecer as características dunha lingua flexiva e identificar formas, funcións e elementos fundamentais, todo iso sempre co obxectivo primordial de comprender e traducir o texto latino. O alumnado relacionará eses elementos básicos cos das linguas galega e castelá ou outras coñecidas por el.
- ◆ Ler e comentar textos traducidos de diversos xéneros ou referentes ao mundo romano e distinguir aspectos históricos e culturais contidos neles. Con este criterio preténdese determinar a capacidade de comprender o contido esencial dun texto, delimitar as súas partes e establecer a relación entre elas. O estudante poderá manifestar a súa competencia mediante exercicios de lectura comprensiva de textos con sentido completo, contrastando os textos latinos con textos de literatura actual e valorando a súa vixencia na actualidade.
- ◆ Recoñecer no léxico do galego, do castelán e doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analizar a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, así como deducir regras básicas de derivación e composición. Este criterio trata de constatar se o alumnado ten conciencia de que as linguas faladas na Península evolucionaron desde o latín, agás o eúscaro, que recibiu del importantes achegas léxicas. Deberanse relacionar palabras do galego e do castelán ou doutras linguas romances cos seus correspondentes étimos latinos e identificar os cambios fonéticos, morfolóxicos e semánticos producidos no curso da súa evolución.
- ◆ Identificar os aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual. Con este criterio comprobarase o coñecemento do pasado romano, especialmente centrado na Península Ibérica, e a constatación da súa vixencia no mundo actual. Posibles exercicios son o traballo sobre fontes escritas e iconográficas, sobre pezas conservadas nos fondos museísticos e xacementos arqueolóxicos, ou a procura nos medios de comunicación de referencias ao mundo romano.

- ◆ Planificar e realizar, seguindo as pautas do profesorado, algún traballo de investigación sobre a presenza do mundo romano no contorno, consultando as fontes directas (restos arqueolóxicos, epigrafía, textos antigos) e utilizando as TIC como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. Este criterio pretende verificar que o alumnado distingue no seu contorno os elementos do mundo clásico, recoñecéndoo como herdanza do noso propio pasado, e que os interpreta correctamente mediante a utilización selectiva de fontes diversas. Tamén trata de avaliar a capacidade de indagar nas fontes directas e tomar contacto cos materiais ordenando os datos obtidos e elaborando o traballo mediante o uso das TIC como ferramentas fundamentais. Neste sentido recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.
- ◆ Comentar narracións didácticas, novelas históricas, bandas deseñadas ou películas documentais e de ficción relativas ao mundo romano. Este criterio pretende que o alumnado practique o hábito da lectura comprensiva e a visión crítica de películas documentais e de ficción relacionadas co mundo romano.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

As medidas de recuperación poden ser entre outras a elaboración de resúmenes das ideas principais de cada unidade, unha tradución para faceren en casa ou unha proba de recuperación (escrita) por cada avaliación que demostren o grao de adquisición dos obxectivos establecidos. Os alumnos coa materia pendente terán a posibilidade de superar a totalidade da materia presentándose a unha proba en febreiro e outra en maio.

REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Os alumnos que teñan que recuperar a materia terán un seguimento particular por parte do profesor quen lles informará dos niveis mínimos esixidos para a superación da materia. Entregaránselles unha serie de actividades de reforzo relativas aos bloques de contidos de lingua, léxico, literatura e textos que realizarán pola súa conta. Serán revisadas e as posibles dúbidas aclaradas nunha clase de recuperación e reforzo quincenal ou, como máximo, mensual, que será acordada cos alumnos interesados.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

O Ministerio de Educación anuncia as tres posibilidades de promoción para o alumnado que ao rematar o primeiro curso obtivese unha avaliación negativa en tres ou catro materias:

1. Matricularse novamente en 1º Bacharelato na súa totalidade renunciado a todas as cualificacións obtidas.
2. Matricularse na totalidade das materias de 1º Bacharelato pero mantendo a cualificación das materias aprobadas no caso de obter no novo curso unha nota inferior.

3. Matricularse das materias suspensas e cursar voluntariamente só algunha das aprobadas co acordo da dirección do centro.

TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Dentro do curso de 1º de Bacharelato os alumnos deberán ler unha novela histórica ambientada na Roma Clásica. Para iso contamos con varios exemplares da biblioteca, de varios autores e temática diversa.

Unha vez lida a obra terán que realizar unha exposición oral diante do profesor ou ben unha entrada no blog ou traballo na Aula Virtual.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A extensión da escolaridade obrigatoria e os cambios operados na sociedade intensifican a diversidade nos centros: as diferencias de orixe e traxectoria escolar do alumnado son variadas e tamén son variadas as expectativas cara o sistema educativo. É indiscutible que hai unha necesidade de atención aos diversos intereses, capacidades e motivacións. As Unidades Didácticas de Latín de 1º de Bacharelato ofrecen unha información básica e un desenvolvemento monográfico, que permite administrar os contidos en función dos coñecementos e expectativas do alumnado. Aqueles contidos que non se consideran imprescindibles para a consecución dos obxectivos/capacidades, sepáranse dos que son esenciais. As actividades neste campo serán:

- de consolidación das aprendizaxes básicas para alcanzar os obxectivos plantexados.
- de organización dos coñecementos de maior dificultade, priorizando as habilidades procedimentais.
- de investigación, para os alumnos máis interesados.

PROGRAMACIÓN DE 2º DE BACHARELATO

Esta programación, sobre todo no que se refire ós contidos, está suxeita ás directrices que nos envía o coordinador da selectividade a principio de curso.

Destacar que ó longo do curso a estrutura e organización dos exames irán progresivamente adoptando o formato das Probas de Acceso á Universidade, para familiarizar ó alumno con elas.

OBXECTIVOS

- ◆ Intensificar e amplia-los coñecementos lingüísticos e gramaticais que o alumno adquiriu nos anos que estivo estudiando esta materia en 1º de Bacharelato.
- ◆ Lograr que o traballo diario de traducción, ademais de permitirlle ó alumno a facultade de interpretar un texto latino, sirva para reflexionar sobre o papel do traductor ante a obra allea, as súas posibilidades, estilos, limitacións, etc.

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DOS CONTIDOS

Primeira avaliación

Gramática

- ↪ Repaso xeral da gramática vista no curso anterior.
- ↪ Flexión nominal, pronominal e verbal

Civilización

- ↪ A romanización de Hispania
- ↪ As cidades da Hispania romana
- ↪ O Panteón grecorromano

Literatura

- ↪ Introducción á literatura latina: xéneros literarios.
- ↪ O teatro latino: Plauto

Segunda avaliación

Gramática

- ↪ Formas nominais do verbo: o participio e o infinitivo
- ↪ A oración composta: a coordinación e a subordinación
- ↪ Usos de ut, cum e quod

Civilización

- ↪ A romanización da Gallaecia
- ↪ A crise da República. Personaxes de República

Literatura

- ↪ A Oratoria. Cicerón
- ↪ A Lírica e os subxéneros líricos. Catulo.

Terceira avaliación

Gramática

- ↪ A conxugación perifrástica

Civilización

- ↪ O Imperio: Principado e Dominado
- ↪ A relixión no Imperio: culto a Roma e emperadores, cultos orientais e cristianismo

Literatura

- ↪ A Historiografía. Tito Livio
- ↪ Horacio. Tópicos horacianos.
- ↪ A Épica. Virxilio

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- ◆ O enfoque ten que ser sobre todo práctico. Por iso é necesario traballar con textos seleccionados de dificultade gradual, e débense aproveitar estes como pretexto para introducir ó alumno nos diversos aspectos do mundo romano.
- ◆ Faranse entón traducións diarias, con explicacións gramaticais, sintácticas, estilísticas ou de calquera outro tipo, no momento da corrección das mesmas. O alumno deberá participar activamente nelas, aportando a súa versión do texto e comparándoa ca dos seus compañeiros, a do profesor ou outras.
- ◆ Os temas de literatura serán ilustrados con lecturas seleccionadas dos autores do programa, das que se farán comentarios de texto mediante tarefas na Aula Virtual.
- ◆ Os temas de civilización latina completaranse coa proxección de vídeos, sesións na aula de ordenadores e excursións ou visitas a museos.
- ◆ No mes de marzo está prevista unha excursión ó festival de teatro greco-latino Lugo 2011, organizado pola [Sección Galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos](#).
- ◆ Cuestionarios e Glosarios da Aula virtual descritos en cursos anteriores.
- ◆ Elaboración dunha wiki colectiva sobre os contidos das PAAU: [PaulatimGallaecia](#).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS.

- ◆ Nas avaliacións terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases, a publicación nos blogs e wikis e a entrega dos traballos esixidos.
- ◆ Primeira avaliación: haberá dúas probas de traducción con comentario gramatical (un texto de LLPSI e outro de Eutropio, 30% cada unha), outra de civilización latina e literatura (30%) e outra de topónimos e latinismos (10%).
- ◆ Segunda avaliación: haberá dúas probas de traducción con comentario gramatical (un texto de Eutropio e outro de Fedro, 30% cada unha), outra de civilización latina e literatura (30%) e outra de topónimos e latinismos (10%).
- ◆ Terceira avaliación: ademais dunha proba de traducción con comentario gramatical (Eutropio ou Fedro, 20%), outra de civilización latina e literatura (30%) e outra de topónimos e latinismos (10%), realizarase un exame final semellante ás probas de acceso á universidade (40%), que se avaliará como segue:

	<i>Traducción:</i>	<i>Cuestión gramatical</i>	<i>Literatura latina</i>	<i>Cuestións mundo clásico</i>
OPCIÓN 1	6	1	1,5	0,75 (dúas)

- ◆ A nota final calcularase tendo en conta a media das tres avaliacións.

O alumno deberá ser capaz de:

- ◆ Comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios. Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da traducción, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na traducción procurarase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.
- ◆ Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán. Este criterio trata de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e

recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

- ◆ Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico. Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.
- ◆ Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais. Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.
- ◆ Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados. Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. O alumnado, guiado polo profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais en todo o proceso e como soporte para a exposición das súas conclusións. Neste sentido, recoméndase o uso de páxinas web, blogs, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.
- ◆ Ler obras da literatura latina traducidas. Con este criterio preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ao nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ao redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

As medidas de recuperación poden ser entre outras a elaboración de resúmenes das ideas principais de cada unidade, textos para traduciren na casa ou unha proba de recuperación (escrita) por cada avaliación que demostren o grao de adquisición dos obxectivos establecidos. Os alumnos coa materia pendente terán a posibilidade de superar a totalidade da materia presentándose a unha proba en febreiro e outra en maio.

REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN

Os alumnos que teñan que recuperar a materia terán un seguimento particular por parte do profesor quen lles informará dos niveis mínimos esixidos para a superación da materia. Entregaránselles unha serie de actividades de reforzo relativas aos bloques de contidos de lingua, léxico, literatura e textos que realizarán pola súa conta. Serán revisadas e as posibles dúbidas aclaradas nunha clase de recuperación e reforzo quincenal ou, como máximo, mensual, que será acordada cos alumnos interesados.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

O Ministerio de Educación anuncia as tres posibilidades de promoción para o alumnado que ao rematar o primeiro curso obtivese unha avaliación negativa en tres ou catro materias:

1. Matricularse novamente en 1º Bacharelato na súa totalidade renunciado a todas as cualificacións obtidas.
2. Matricularse na totalidade das materias de 1º Bacharelato pero mantendo a cualificación das materias aprobadas no caso de obter no novo curso unha nota inferior.
3. Matricularse das materias suspensas e cursar voluntariamente só algunha das aprobadas co acordo da dirección do centro.

TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Dentro do curso de 2º de BACHARELATO os alumnos deberán ler as obras elixidas nas probas de Selectividade, ademais doutros fragmentos dos autores que entran no programa, elixidos polo profesor.

Unha vez lida a obra terán que realizar unha exposición oral diante do profesor ou ben unha entrada no blog ou un traballo na Aula Virtual.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A extensión da escolaridade obrigatoria e os cambios operados na sociedade intensifican a diversidade nos centros: as diferencias de orixe e traxectoria escolar do alumnado son variadas e tamén son variadas as expectativas cara o sistema educativo. É indiscutible que hai unha necesidade de atención aos diversos intereses, capacidades e motivacións. Os temas de 2º de Bacharelato ofrecen unha información básica e un desenvolvemento monográfico, que permite administrar os contidos en función dos

coñecementos e expectativas do alumnado. Aqueles contidos que non se consideran imprescindibles para a consecución dos obxectivos/capacidades, sepáranse dos que son esenciais. As actividades neste campo serán:

- de consolidación das aprendizaxes básicas para alcanzar os obxectivos plantexados.
- de organización dos coñecementos de maior dificultade, priorizando as habilidades procedimentais.
- de investigación, para os alumnos máis interesados.

BIBLIOGRAFÍA

BÁSICA

Trátase dos libros de consulta principais para os alumnos, onde están recollidos os datos que eles necesitan, onde se apoian as explicacións de clase e dos que se toma a maior parte dos exercicios e actividades.

GRUPO FALERNO, LATIN I, Editorial Akal, Madrid 1998 (*libro obrigatorio*)

LATIN I, II BACHARELATO, Editorial Rodeira

LATÍN I. Santillana.

LINGUA LATINA PER SE ILLUSTRATA, Cultura Clásica S.L. Guadix, 2007

COMPLEMENTARIA

Son os libros dos que se extraen lecturas ou comentarios a propósito dos distintos aspectos culturais e institucionais.

COLECTIVO TRASANCOS: *Latín II, de onte a hoxe*. Xerais, Vigo, 1989.

- Do galego, do latín, do indoeuropeo.
- Topónimos galegos. Locucións latinas de uso actual.

LLYWELYN, Morgan: *El Druída*. Ediciones Martínez Roca, Barcelona, 1994.

- Descripción do sitio de Alesia. páx 481-509

KOESTLER, Arthur: *Espartaco, la rebelión de los gladiadores*. Salvat Editores, Barcelona, 1994

DAVIS, Lindsay: *La plata de Britannia*, Edhasa, Barcelona 1990

DAVIS, Lindsay: *La estatua de bronce*, Edhasa, Barcelona 1992.

- Lecturas voluntarias

MANTIN, Peter; PULLEY, Richard: *El mundo romano. De la República al imperio*, Akal, Madrid 1994.

- Pompeya, un instante en el tiempo. Las ciudades romanas.

DRINKWATER/DRUMMOND: *El mundo de los romanos*.

- Julio César: un genio político. El ejército republicano. Cicerón: poeta y estadista. La mujer romana. La infancia en Roma.

SAYLOR, STEVE: *El enigma de Catilina*.

- Día de votación. A toma da toga viril-

SAYLOR, STEVE: *ROMA*.

- Diversos pasaxes sobre a Historia de Roma.

GONZÁLEZ, Lola: *Guárdate de los Idus*, Ediciones SM, Madrid, 1995.

ROBICHON, JACQUES: *Nerón o la comedia del poder*. Edaf. Madrid, 1989.

- Os Xulio-Claudios. Descripción de Roma. Vida e anécdotas de Nerón.

CARMINA BURANA, Imprenta López Naya, Arteixo 1999

LIBELLUS DE NATURA ANIMALIUM, Edicións Positivas, Santiago 1998.

PINA POLO, FRANCISCO: *Marco Tulio Cicerón*. Ariel, Barcelona 2005

HOLLAND, TOM: *Rubión, auge y caída de la república romana*. Planeta, Barcelona 2005

HARRIS, ROBERT: *Imperium*. Grijalbo, Barcelona 2007.

SUÁREZ PIÑEIRO, ANA MARÍA: *A vida cotiá na Galicia romana*, edicións Lóstrego, Verín-Santiago 2006.

ARIAS VILAS, FELIPE: *A romanización de Galicia*. Edicións a nosa terra, Vigo 1992.

Máis información en


http://centros.edu.xunta.es/iesmanuelgarciabarros/latin_grego/bibliografias/bibliografia_latin_I.htm

http://centros.edu.xunta.es/iesmanuelgarciabarros/latin_grego/bibliografias/bibliografia_latin_II.htm

MATERIAL ESPECÍFICO

- ◆ Vídeos citados anteriormente.
- ◆ Materiales da Aula virtual do departamento:
<http://centros.edu.xunta.es/iesmanuelgarciabarros/moodle>
- ◆ Blog do profesor: <http://divesgallaecia.blogspot.com>
- ◆ Blog de aula: <http://viamstratam.blogspot.com>
- ◆ Wiki colectiva materiais das PAAU: <http://paulatimgallaecia.wikispaces.com/>

A Estrada, 17 de setembro de 2010



Asdo.: **Álvaro José Pérez Vilariño.**

APÉNDICE.- LATÍN - CONTIDOS MÍNIMOS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS. LATÍN 1º DE BACHARELATO


Na avaliación terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases.

- O progresivo melloramento nos aspectos lingüísticos da materia implica que aproba-la segunda avaliación significa recupera-la primeira se a tivese suspensa e o mesmo na terceira en relación coa segunda.
- Os coñecementos sobre cultura e civilización latina deberán superarse por separado en cada unha das tres avaliacións.
- Na primeira avaliación haberá varias probas: unhas de civilización latina realizadas dende a Aula Virtual (25%), outra da evolución fonética do latín (25%) e dúas traducións (25% cada unha).
- Na segunda avaliación haberá dúas probas de tradución (25% cada unha), outras de civilización latina na Aula Virtual (25%) e outra monográfica sobre o urbanismo en Roma (25%).
- Na terceira avaliación haberá dúas probas de tradución (25% cada unha), outras de civilización latina na Aula Virtual (25%) e outra da gramática latina vista durante o curso (25%).
- As probas realizadas na Aula Virtual serán ou ben cuestionarios (escolla múltiple, verdadeiro e falso, encrucillados, etc.) ou ben tarefas de envío de traballos, glosarios de edición colectiva e tarefas de texto en liña.
- Nas avaliacións terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases, a publicación nos blogs e wikis e a entrega dos traballos esixidos.
- A nota final calcularase tendo en conta a media das tres avaliacións.

O alumno deberá ser capaz de:

- Comprender e ser capaz de traducir textos latinos breves e sinxelos, orixinais, adaptados ou elaborados, coa maior fidelidade posible.
- Recoñecer en textos latinos sinxelos os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán.
- Ler e comentar textos traducidos de diversos xéneros ou referentes ao mundo romano e distinguir aspectos históricos e culturais contidos neles.
- Recoñecer no léxico do galego, do castelán e doutras linguas faladas na Península palabras de orixe latina e analizar a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica, así como deducir regras básicas de derivación e composición.
- Identificar os aspectos máis importantes da historia do pobo romano e da súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
- Planificar e realizar, seguindo as pautas do profesorado, algún traballo de investigación sobre a presenza do mundo romano no contorno, consultando as fontes directas (restos arqueolóxicos, epigrafía, textos antigos) e utilizando as TIC como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.
- Comentar narracións didácticas, novelas históricas, bandas deseñadas ou películas documentais e de ficción relativas ao mundo romano.

A Estrada, 17 de setembro de 2.010



Asdo.: **Álvaro José Pérez Vilariño.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CONTIDOS MÍNIMOS. LATÍN 2º DE BACHARELATO

- Nas avaliacións terase en conta, ademais das probas obxectivas, o traballo e a actitude do alumno: a súa participación na resolución dos diferentes exercicios que se realicen ou corrixan durante as clases, a publicación nos blogs e wikis e a entrega dos traballos esixidos.
- Primeira avaliación: haberá dúas probas de traducción con comentario gramatical (un texto de LLPSI e outro de Eutropio, 30% cada unha), outra de civilización latina e literatura (30%) e outra de topónimos e latinismos (10%).
- Segunda avaliación: haberá dúas probas de traducción con comentario gramatical (un texto de Eutropio e outro de Fedro, 30% cada unha), outra de civilización latina e literatura (30%) e outra de topónimos e latinismos (10%).
- Terceira avaliación: ademais dunha proba de traducción con comentario gramatical (Eutropio ou Fedro, 20%), outra de civilización latina e literatura (30%) e outra de topónimos e latinismos (10%), realizarase un exame final semellante ás probas de acceso á universidade (40%), que se avaliará como segue:

	<i>Traducción:</i>	<i>Cuestión gramatical</i>	<i>Literatura latina</i>	<i>Cuestións mundo clásico</i>
OPCIÓN 1	6	1	1,5	0,75 (dúas)

- A nota final calcularase tendo en conta a media das tres avaliacións.

O alumno deberá ser capaz de:

- Comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios.
- Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán.
- Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.
- Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais.
- Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.
- Ler obras da literatura latina traducidas.

A Estrada, 17 de setembro de 2010

Asdo.: **Álvaro José Pérez Vilariño.**